

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 23 DE FEBREIRO DE 2017.**

## ASISTENTES:

### Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

### Concelleiros:

- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Castro
- D. Luís Rico Vereá
- D. Jesús Ángel Costoya Rúa
- D. José Luís Rivas Cruz
- Dna. Raquel Val Vázquez
- Dna. Ana Ledo Fernandez
- Dna. Sandra Sanchez Iñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. José Balado Casal

### Secretaria-Interventora:

D.ª Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as vinte horas do día vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa Dna. María Jesús Novo Gómez. Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido a alcaldesa abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

## **1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES**

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria do día 29/12/2016 e a acta da sesión extraordinaria do día 25/01/2017, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. alcaldesa-presidenta se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas.

Sínálase pola secretaria que existe un erro na acta de 25/01/2017 ao reflexar aportación dedicación exclusiva da Alcaldía onde pon Tenente de Alcalde no punto número un da orde do día, as referencias a dedicación exclusiva son á Alcaldía e non ao Tenente de Alcalde.

Sométense a votación as actas, coa corrección indicada na de xaneiro de 2017, queda aprobada por unanimidade a sesión ordinaria de data 29/12/2017 e por maioría a sesión extraordinaria de data 25/01/2017, coa abstención de Ana Ledo Fernández e Sandra Sánchez Iñiguez que se absteñen ao non estar presentes nesa sesión.

## **2.- PROPOSICIÓN ALCALDÍA COMPLEMENTO ANTIGÜEDAD PERSONAL LABORAL**

Pola Secretaría dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto na orde do día que se transcribe a continuación:

## **“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA RECOÑECIMENTO ANTIGÜEDAD PARA PLENO ORDINARIO FEBRERO 2017**

Fundaméntase a urxencia deste asunto a tratar na orde do día do pleno municipal e non dictaminado previamente por Comisión informativa, na necesidade de cumprimento da normativa sinalada en informe de intervención ás nóminas de decembro de 2016.

( por unanimidade con 11 votos a favor o Pleno acepta a urxencia e tratamento e votación deste punto )

Esta Alcaldesa previa negociación sindical e acordo que consta en acta de data 13/2/2017 propón que o Pleno municipal **ACORDE:**

**PRIMEIRO.-** Vista a falta de existencia dun convenio propio entre o Concello e o persoal laboral , e diferentes referencias a convenios sectoriais en contratos individuais dalgún persoal laboral, partindo de condicións retributivas desiguais e para o establecemento de condicións iguais para todo o persoal laboral do Concello de Boimorto, que se recoñeza para todo o persoal laboral con dereito do Concello de Boimorto tan só a efectos de complemento antigüedad , un complemento de antigüedad igual que o actual pagado ó persoal laboral fixo cuxo contrato se regula polo III Convenio colectivo único do persoal laboral da administración xeral do Estado , sendo dita contía de de 25,76€ .

**SEGUNDO.-**A partir do 1/1/2017 previa solicitude anexa a presente acta con modelo de certificación de servizos prestados, recoñeceráse un complemento de antigüedad constituído por unha cantidade fixa de 25,76€ euros mensuais que se devengarán a partires do día primeiro do mes en que se cumpran tres ou múltiplos de tres anos de relación laboral prestando servizos efectivos. Esta cantidade que tamén formará parte das pagas extraordinarias se actualizará anualmente con efectos 1 de xaneiro na porcentaxe de incremento xeral de retribucións que se fixe para todos os empregados públicos da administración xeral do Estado.

O pago de dito complemento adaptarase proporcionalmente á xornada desempeñada por cada traballador.

**TERCEIRO.-**A efectos do cómputo de tempo dos novos trienios a devengar, consideraráse como data inicial a de recoñecemento do último vencimento deste complemento de antigüedad perfeccionado.

En relación ó computo e recoñecemento de servizos previos , pagos e demais aspectos deste complemento ( a falta de convenio có persoal laboral deste Concello negociado por ambas partes ) estarase para todo o persoal laboral o réxime aplicable a maioría do persoal laboral fixo deste Concello contido no III Convenio colectivo único do persoal laboral da administración xeral do Estado tendo en conta a proporcionalidade da súa contía en relación á xornada desempeñada.

**CUARTO.-**Complemento personal de antigüedad: os traballadores con trienios consolidados manteran os mesmos conxelados computando o tempo pasado dende o cumprimento do último trienio para o próximo a cumprir con valor 25,76€.

En relación ó persoal que ten contratos cuxa regulación en parte non salarial está referenciada ó Convenio da Construcción ,e que non viñan dende o 2008 ( por así negocialo có Concello ou dende a súa contratación ( persoal palista ) cobrando trienios , recoñécese todo o tempo transcorrido dende a súa contratación ou dende o 2008 para encargados de servizos e obras e urbanismo para pasar a cobrar trienios que lles corresponden o prezo de 25,76€.

Boimorto 20 febreiro 2017

A Alcaldesa:

Asdo.- MªJesús Novo Gómez”

Explica a Alcaldesa esta proposición e as previas negociacións cos traballadores, dándolle a continuación a palabra ó concelleiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas que expón:

Que lle parece xusto e necesario que a contía do complemento sexa igual para todos pero advirte que entre isto e a RPT hai que ter tino co concello, pregunta se foi valorado o incremento e di que non vai dar para todo, que é necesario falar claro cos traballadores sobre as necesidades e fins do Concello e o que se necesita, cree que este Concello será outra vez un Concello sen servizos e dille á Alcaldesa que xoga con lume.

A Alcaldesa di que o xusto e que cada quen cobre o que lle pertence.

O concelleiro do BNG contesta que entón o seu partido faga a reforma laboral correcta.

Sen mais intervencións por maioría absoluta con 9 votos a favor: 5 concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e un do concelleiro

membro non adscrito así como con dúas abstencións dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.-** Vista a falta de existencia dun convenio propio entre o Concello e o persoal laboral, e diferentes referencias a convenios sectoriais en contratos individuais dalgún persoal laboral, partindo de condicións retributivas desiguais e para o establecemento de condicións iguais para todo o persoal laboral do Concello de Boimorto, que se recoñeza para todo o persoal laboral con dereito do Concello de Boimorto tan só a efectos de complemento antigüidade, un complemento de antigüidade igual que o actual pagado ó persoal laboral fixo cuxo contrato se regula polo III Convenio colectivo único do persoal laboral da administración xeral do Estado, sendo dita contía de 25,76€.

**SEGUNDO.-**A partir do 1/1/2017 previa solicitude anexa a presente acta con modelo de certificación de servizos prestados, recoñecerase un complemento de antigüidade constituído por unha cantidade fixa de 25,76€ euros mensuais que se devengarán a partires do día primeiro do mes en que se cumpran tres ou múltiplos de tres anos de relación laboral prestando servizos efectivos. Esta cantidade que tamén formará parte das pagas extraordinarias se actualizará anualmente con efectos 1 de xaneiro na porcentaxe de incremento xeral de retribucións que se fixe para todos os empregados públicos da administración xeral do Estado. O pago de dito complemento adaptarase proporcionalmente á xornada desempeñada por cada traballador.

**TERCEIRO.-**A efectos do cómputo de tempo dos novos trienios a devengar, considerárase como data inicial a de recoñecemento do último vencemento deste complemento de antigüidade perfeccionado.

En relación ó computo e recoñecemento de servizos previos, pagos e demais aspectos deste complemento (a falta de convenio co persoal laboral deste Concello negociado por ambas partes) estarase para todo o persoal laboral o réxime aplicable a maioría do persoal laboral fixo deste Concello contido no III Convenio colectivo único do persoal laboral da administración xeral do Estado tendo en conta a proporcionalidade da súa contía en relación á xornada desempeñada.

**CUARTO.-**Complemento persoal de antigüidade: os traballadores con trienios consolidados manterán os mesmos conxelados computando o tempo pasado dende o cumprimento do último trienio para o próximo a cumprir con valor 25,76€.

En relación ó persoal que ten contratos cuxa regulación en parte non salarial está referenciada ó Convenio da Construcción, e que non viñan dende o 2008 (por así negocialo co Concello ou dende a súa contratación (persoal palista) cobrando trienios, recoñécese todo o tempo transcorrido dende a súa contratación ou dende o 2008 para encargados de servizos e obras e urbanismo para pasar a cobrar trienios que lles corresponden o prezo de 25,76€.

### **3.- PROPOSICIÓN ALCALDÍA APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN FESTIVAL DE LA LUZ 2016**

Pola Secretaría dase lectura á proposición da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce a continuación literalmente:

## **“PROPOSICIÓN ALCALDÍA APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN SUBVENCIÓN FESTIVAL DE LA LUZ 2016.**

Xustifícase a urxencia deste punto non ditaminado no necesario cumprimento do convenio asinado para a subvención nominativa Festival de la luz 2016 e que se incorpora a este exercicio con créditos de gasto de exercicio anterior sendo unha obriga do exercicio anterior e non sendo posible o seu dictame previo por comisión ante a tardía presentación da documentación final requirida que se presentou pola entidade subvencionada o 20/02/2017.

Acéptase a urxencia por unanimidade con 11 votos a favor de tódolos concelleiros presentes.

Visto o expediente para outorgamento de subvención nominativa Festival de la luz 2016 á entidade Asociación Festival de la luz.

Vista documentación xustificativa así como informe de secretaría intervención de data 20/02/2017.

Polo presente propono que o Pleno municipal ACORDE:

**PRIMEIRO.**-Aprobar a xustificación da subvención nominativa Festival de la luz 2016 presentada pola Asociación Festival de la luz e ordear o pago da subvención por importe de 80.000€ dentro do prazo establecido en convenio regulador da subvención.

**SEGUNDO.**- Certificado deste decreto se remita os servizos contabeis e administrativos os efectos oportunos .

**TERCEIRO.**-Realizado o pago sexa remitido ó expediente para control financeiro á Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

Boimorto 20 de febreiro de 2017

A Secretaria:

Asdo.- M.<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez”

Explica a proposición a Alcaldesa recordando que como se delegou o control financeiro na Deputación Provincial previamente a Secretaria tivo reunión na Deputación para fiscalizar o expediente.

Pregunta a concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE D<sup>a</sup> Sandra Sánchez Iñíguez polo contido do informe de intervención.

Resposta a Secretaria Interventora á solicitude da Alcaldesa que hai tres informes de secretaría intervención do expediente os primeiros con requirimentos en relación a documentación presentada en primeiro lugar ós ingresos e o último avalado polos servizos de control financeiro da Deputación no que a pesar de non aceptar gastos como subvencionables si se computan para evitar superávit.

Sen máis intervencións con 9 votos a favor: cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, un do membro non adscrito e con dous votos en contra dos dous concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno municipal

### **ACORDOU:**

**PRIMEIRO.**-Aprobar a xustificación da subvención nominativa Festival de la luz 2016 presentada pola Asociación Festival de la luz e ordear o pago da subvención por importe de 80.000 € dentro do prazo establecido en convenio regulador da subvención.

**SEGUNDO.**- Certificado deste decreto se remita os servizos contábeis e administrativos os efectos oportunos .

**TERCEIRO.**- Realizado o pago sexa remitido ó expediente para control financeiro á Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

## **4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA OFERTA MÁIS VANTAXOSA CONTRATO DE OBRAS PAS 2015**

Pola Secretaria dase lecutra á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA REQUERIMENTO DOCUMENTACIÓN OFERTA MAÍS VANTAXOSA OBRA PAS 2015 AMPLIACIÓN RESIDENCIA DE BOIMORTO**

Visto o expediente relacionado coa obra subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña no marco do Plan de Acción Especial (PAS) 2015 para financiar as obras incluídas no proxecto de "Ampliación Miniresidencia “. Vista acta do órgano de negociación de data 3/2/2017.

En aplicación do disposto na cláusula 16 do prego de condicións particulares que rexe a presente contratación así como no artigo 151 o Texto refundido da lei de contratos do sector público pola presente propoño que o Pleno municipal ACORDE:

PRIMEIRO .- Aprobar a valoración definitiva das ofertas presentadas pola orde que segue:

1	Ramón Vázquez y Reino oferta 6 Puntuación total= 34,03
2	Oviga S.L. oferta 3 Puntuación total=31,64
3	Construcciones González y González oferta 1 Puntuación total=30,36
4	Angel Jove SAU oferta 4 Puntuación total=28,27
5	Proycoga oferta 5 Puntuación total=20,29
6	Manuel Monterroso Varela oferta 7 Puntuación total=19 pero con baixa temeraria
7	Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. oferta 2 Puntuación total=16,27

SEGUNDO.- Considerar a oferta do licitador Construcciones Ramón Vázquez y Reino S.L. con CIF B-15618598 como a máis vantaxosa e requerir ó licitador para que dentro do prazo de dez días hábiles presente a documentación sinalada na cláusula 16.2 do prego de condicións particulares que rexe a presente contratación.

TERCEIRO.- Comunicar este decreto aos servizos administrativos aos efectos oportunos.

Boimorto 20/02/2017

A Alcaldesa:

Asdo.- M<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez”

Explica a proposta a Alcaldesa.

Sen mais intervencións por maioría absoluta con seis votos a favor: tres dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito e con 5 abstencións; tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e dúas dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno municipal **ACORDOU**:

**PRIMEIRO .-** Aprobar a valoración definitiva das ofertas presentadas pola orde que segue:

1	Ramón Vázquez y Reino oferta 6 Puntuación total= 34,03
2	Oviga S.L. oferta 3 Puntuación total=31,64
3	Construcciones González y González oferta 1 Puntuación total=30,36
4	Angel Jove SAU oferta 4 Puntuación total=28,27

5	Proycoga oferta 5 Puntuación total=20,29
6	Manuel Monterroso Varela oferta 7 Puntuación total=19 pero con baixa temeraria
7	Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A. oferta 2 Puntuación total=16,27

**SEGUNDO.-** Considerar a oferta do licitador Construcciones Ramón Vázquez y Reino S.L. con CIF B-15618598 como a máis vantaxosa e requirir ó licitador para que dentro do prazo de dez días hábiles presente a documentación sinalada na cláusula 16.2 do prego de condicións particulares que rexe a presente contratación

**TERCEIRO.-** Comunicar este decreto aos servizos administrativos aos efectos oportunos.

### **5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN RELACIÓN CO IMPORTE DO PLAN ÚNICO**

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que se reproduce a continuación literalmente:

**“Proposta da Alcaldía solicitude á Deputación Provincial en relación co importe do Plan único para o Pleno de febreiro de 2017.**

O pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado mes de novembro, cos votos a favor do Goberno provincial, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e co voto en contra do Partido Popular, o Plan Único dos Concellos dotado con 74 millóns de euros.

O novo programa unifica o Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións (en concreto suprimense as de cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

Segundo o acordo plenario, o POS 2017 nutrirase dos 24,2 millóns que a Deputación achegaba cada ano ao tradicional Plan de Obras e Servizos, así como dos 8,3 millóns das liñas de axuda e dos 20 millóns do superávit que o organismo provincial prevé obter este ano e os 21,5 millóns que ata agora se dedicaban ao Plan de Aforro e Investimento.

Ademais, tendo en conta que o goberno provincial comprometeuse tamén a engadir, como mínimo, os 13 millóns de euros de remanente, co que igualaría a achega total dos plans do anterior goberno.

En consonancia con todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Boimorto propón á consideración do pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Que Deputación da Coruña garanta que o Concello Boimorto, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).
2. Que a institución provincial comprométase a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017.

A Coruña, 20 de febreiro de 2017

A Alcaldesa :

Asdo.- M<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez “

A Alcaldesa di que pretende recuperar ou non perder os 81.202€ do ano anterior.

Expón o concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas que o que este Concello ten que pedir é que a Xunta copie á Deputación cos recursos que nos da para que sexan os Alcaldes os responsables da súa xestión e poda verse que o fai ben ou mal evitando preferencias pola cor política e sen subvencións nominativas e dando o que corresponde por lei.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con 6 votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do membro non adscrito e cos 5 votos en contra, tres dos

concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno municipal **ACORDOU:**

1. Que Deputación da Coruña garanta que o Concello Boimorto, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).
2. Que a institución provincial comprométase a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017.

#### **6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE CoMPETENCIA MUNICIPAL PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS POS +2017**

Pola Secretaria dase lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día que a continuación se reproduce literalmente:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA APROBACIÓN PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ 2017”**

Vista a circular da Deputación Provincial de A Coruña con entrada neste Concello en data 01/12/2016 para elaborar o POS+ 2017 (Plan único de concellos)

Redactados en febreiro 2017 polo enxeñeiro de camiños D. Ángel Delgado Cid Colexiado nº 4,657 os seguintes proxectos:

“Mejora de caminos en las parroquias de Sendelle, Brates y Mercurín (Concello de Boimorto)”, con presuposto de execución por contrata de 61.025,10 €uros.

“Mejora de caminos en las parroquias de Dormeá, Boimorto, Corneda, Rodieiros y Andabao (Concello de Boimorto)”, con presuposto de execución por contrata de 58.633,27 €uros.

“Mejora de canalizaciones de pluviales en las parroquias de Brates, Sendelle y otras (Concello de Boimorto)”, con presuposto de execución por contrata de 43.626,43 €uros.

“Mejora de caminos en las parroquias de Cardeiro y Boimil (Concello de Boimorto)”, con presuposto de execución por contrata de 30.205,65 €uros.

“Mejora de caminos en las parroquias de Cardeiro y Arceo (Concello de Boimorto)”, con presuposto de execución por contrata de 43.759,78 €uros.

“Mejora de caminos en las parroquias de Andabao, Buazo, Sendelle y Mercurín (Concello de Boimorto)”, con presuposto de execución por contrata de 46.865,32

Redactado en febreiro 2017 pola arquitecta Clara González Gil Colexiado nº 2.138 o seguinte proxecto:

“Nueva sala de convivencia en la miniresidencia de Boimorto”, con presuposto de execución por contrata de 115.337,80 €uros

Propoño ao Pleno que acorde:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
<b>Subtotal pago a provedores</b>	0

**B) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	150.000,00
<b>Subtotal gasto corrente</b>	150.000,00

**C) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
“Nueva sala de convivencia en la miniresidencia de Boimorto”	115.337,80	0	115.337,80
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>	115.337,80	0	115.337,80

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
“Mejora de caminos en las parroquias de Sendelle, Brates y Mercurín (Concello de Boimorto)”	61.025,10	0	61.025,10
“Mejora de caminos en las parroquias de Dorneá, Boimorto, Corneda, Rodieiros y Andabao (Concello de Boimorto)”	58.633,27	0	58.633,27
“ Mejora de canalizaciones de pluviales en las parroquias de Brates, Sendelle y otras (Concello de Boimorto)”	43.626,43	0	43.626,43
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2016</b>	163.284,80	0	163.284,80

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2017</b>			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:**

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación



<b>Subtotal redacción proxectos</b>	
-------------------------------------	--

**E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0
<b>Subtotal achegas municipais</b>	<b>0</b>

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2017” aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		

**G) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2016</b>	0		0
	<b>Achega 2017</b>			
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2017</b>	150.000,00		150.000,00
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2017</b>	115.337,80	0	115.337,80
	<b>Achega 2016</b>	163.284,80	0	163.284,80
	<b>Préstamo 2017</b>			
<b>D- HONORARIOS REDACCIÓN</b>	<b>Achega 2017</b>			
<b>E- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	<b>Achega 2017</b>			
	<b>Achega 2016</b>			
<b>F- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2017</b>			
<b>T O T A L</b>	<b>Achega 2017</b>			
	<b>Achega 2016</b>			
	<b>Préstamo 2017</b>			
	<b>TOTAL</b>	428.622,60	0	428.622,60

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
“Mejora de caminos en las parroquias de Cardeiro y Boimil (Concello de Boimorto)”	30.205,65
“Mejora de caminos en las parroquias de Cardeiro y Arceo (Concello de Boimorto)”	43.759,78
“Mejora de caminos en las parroquias de Andabao, Buazo, Sendelle y Mercurín (Concello de Boimorto)”	46.865,32
<b>TOTAIS</b>	120.830,75

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e está a tramitar autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Boimorto, 20 de febreiro de 2017

A alcaldesa

Asdo.- María Jesús Novo Gómez”

Na lectura da proposición indica a Secretaria que as autorizacións sectoriais deberían xa estar cos proxectos a aprobar innda que as bases do Plan único admitan simplemente a solicitude das mesmas.

Expón a Alcaldesa que teñen os proxectos na mesa e que o contido da proposta xa di todo.

O concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE D. Abelardo Seoane pregunta pola sala da miniresidencia explicándolle a Alcaldesa a súa localización.

O concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas solicita a redacción dos proxectos en galego.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con seis votos a favor; cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do membro non adscrito así como con 5 abstencións; tres dos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE e dúas dos concelleiros do grupo municipal do BNG o Pleno municipal **ACORDOU:**

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0

<b>Subtotal pago a provedores</b>	0
-----------------------------------	---

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	150.000,00
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>150.000,00</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2017</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
“Nueva sala de convivencia en la miniresidencia de Boimorto”	115.337,80	0	115.337,80
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>	<b>115.337,80</b>	<b>0</b>	<b>115.337,80</b>

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2016</b> <b>(Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
“Mejora de caminos en las parroquias de Sendelle, Brates y Mercurín (Concello de Boimorto)”	61.025,10	0	61.025,10
“Mejora de caminos en las parroquias de Dorneá, Boimorto, Corneda, Rodieiros y Andabao (Concello de Boimorto)”	58.633,27	0	58.633,27
“ Mejora de canalizaciones de pluviales en las parroquias de Brates, Sendelle y otras (Concello de Boimorto)”	43.626,43	0	43.626,43
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2016</b>	<b>163.284,80</b>	<b>0</b>	<b>163.284,80</b>

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
<b>Denominación da obra ou subministración</b>	<b>Préstamo Deputación</b>	<b>Achega Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2017</b>			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:**

<b>Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan</b> <b>(achega provincial 2017)</b>	<b>Deputación</b>
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	

**E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:**

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0
<b>Subtotal achegas municipais</b>	0

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2017” aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		

**G) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2016	0		0
	Achega 2017			
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2017	150.000,00		150.000,00
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2017	115.337,80	0	115.337,80
	Achega 2016	163.284,80	0	163.284,80
	Préstamo 2017			
<b>D- HONORARIOS REDACCIÓN</b>	Achega 2017			
<b>E- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	Achega 2017			
	Achega 2016			
<b>F- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	Préstamo 2017			
<b>T O T A L</b>	Achega 2017			
	Achega 2016			
	Préstamo 2017			
	<b>TOTAL</b>	428.622,60	0	428.622,60

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
“Mejora de caminos en las parroquias de Cardeiro y Boimil (Concello de Boimorto)”	30.205,65
“Mejora de caminos en las parroquias de Cardeiro y Arceo (Concello de Boimorto)”	43.759,78
“Mejora de caminos en las parroquias de Andabao, Buazo, Sendelle y Mercurín (Concello de	

Boimorto''	46.865,32
<b>TOTAIS</b>	120.830,75

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e está a tramitar autorizacións sectoriais necesarias segundo informe técnico.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

### **7.- DACIÓN DE CONTA CIFRA DE POBOACIÓN**

Dase conta por Secretaría da cifra oficial da poboación a data 01/01/2016 chegada en escrito de 25/11/2016 con número de rexistro de entrada 2674 e que é de 2.111 habitantes.

Os concelleiros do Pleno municipal danse por informados.

### **8.- DACIÓN DE CONTA PMP**

Dáse conta por Secretaría Intervención do período medio de pago do cuarto trimestre 2016 tal e como segue:

Período medio de pago 4º trimestre 2016; 10,65 días

Ratio operacións pagadas 12,77 días

Importe operacións pagadas 463.306,04 €

Ratio operacións pendentes de pago -9,53 días

Importe operacións pendentes de pago 48.738,57€

Informe anual morosidade 2016 4º trimestre: PMP 42,77

### **9.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 26/12/2016 a 17/02/2017, número 590 a 45.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún membro desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas. Non se presenta ningún asunto.

### **10.- ROGOS E PREGUNTAS**

A Alcaldesa dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do BNG D. Xosé Luis Rivas que se queixa da labor do substituto do animador deportivo rogando mellor selección.

Continúa D. Xosé Luis Rivas rogando que se mire sobre a posibilidade de destino dunha parcela municipal cedida o banco de terras en Dorneá para facer cementerio, roga que se de solución que os veciños queren enterrarse na súa parroquia.

Contesta a Alcaldesa que un escrito con esa demanda xa chegou ó Concello xa que esa parcela está clasificada para equipamento campo de fútbol e cementerio e que fixo xestións xa de consulta co técnico municipal.

O concelleiro D. Xosé Luis Rivas di que falou coa Secretaria o tema da ordenanza de usos de lodos de depuradoras como fertilizantes e vista a existencia de normativa autonómica que xa regula en detalle o uso destes lodos roga que inda que non se faga unha ordenanza municipal si se den charlas e información ós veciños sobre o contido desta normativa.

Roga o mesmo concelleiro que no deseño da RPT participe un concelleiro de cada grupo municipal.

Roga tamén reunión de tódolos grupos para obter información sobre a xestión da residencia e as súas contas.

Pregunta polo tema da farmacia de Boimorto e o seu subministro á residencia.

Resposta a Alcaldesa que están esperando resposta da Xunta sobre a necesidade de manter o depósito de medicación pero que tamén parece que agora está a farmacéutica disposta a cargar domiciliados os custes da medicación.

Roga este mesmo concelleiro que permita a Alcaldesa que se depositen no Concello escritos para reclamar a falta de subministro eléctrico e se colabore na xestión destas reclamacións.

Asente a dita petición a Alcaldesa.

Roga o concelleiro que se volve a acontecer para evitar a falta de subministro por tanto tempo se usen os bombeiros forestais.

Pregunta D. Xosé Luis Rivas á Alcaldesa se lle pasaron o resultado final da revisión catastral e ela deu o seu visto bo.

Resposta Alcaldía que non.

Roga este concelleiro que a Alcaldesa teña en conta que este Concello o vai pasar mal e o final se non dan as contas os prexudicados serán os traballadores.

A Alcaldesa dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE D<sup>a</sup> Sandra Sánchez Iñiguez que roga arranxo camiño acceso a Cardeiro polo campo de fútbol.

Resposta a Alcaldesa que vai no POS.

Pregunta D<sup>a</sup> Sandra Sánchez a razón da sinalización da variante do camiño.

Resposta a Alcaldesa sobre dita variante e a súa sinalización e recorda sobre as bicis sobre as que preguntou o concelleiro D. Xosé Luis Rivas noutras sesións que se roubaron non foron quitadas.

Continúa a concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE D<sup>a</sup>. Sandra Sánchez pola participación de Boimorto no Rally Terra da Auga.

Resposta a Alcaldesa que inda non hai nada firme xa que veu unha persoa a deixar unhas guías e non voltou.

A Alcaldesa dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do BNG D<sup>a</sup> Raquel Val Vázquez que pregunta cal e o traballo actual do Técnico en dinamización turística tamén polo escrito non contestado de data 31/08/2016 nº 2030, e roga que en Magreco se promovan produtos da comarca.

Resposta a Alcaldesa que neste Concello os traballadores non teñen o posto adaptado as súas tarefas diarias fan de todo e entre as tarefas do persoal que consulta están pendentes e xa en elaboración uns trípticos para dar coñecemento dos recursos turísticos de Boimorto.

Sobre o escrito non contestado resposta a Alcaldesa que pode entenderse e aplicarse a teoría do silencio administrativo.

En relación a Magreco resposta a Alcaldesa que se aposta forte por esta feira con novos expositores e maquinaria, promoción neste ano na carpa de ovos e explotacións avícolas, subhasta de novillas.

Pregunta o concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas polo orzamento de Magreco.

Resposta a Alcaldesa que están orzamentados 20.000€

Pregunta o concelleiro se é rentable.

A Alcaldesa di que sí.

Roga o concelleiro que Magreco sexa un escaparate do existente que potencie os produtos propios.

O concelleiro do PSdG-PSOE D. Abelardo Seoane roga charlas sobre os sector gandeiro en Magreco.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 20:53 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa-presidenta e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr  
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez